

Xerencia



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**Resolución do 16 de xuño de 2023, da Universidade da Coruña, para nomear e publicar a composición do tribunal que xulgará as probas selectivas para o ingreso nas distintas escalas de funcionarios do subgrupo A2 desta universidade polo sistema de promoción interna.**

Mediante a Resolución do 21 de setembro de 2020 (DOG do 8 de outubro), convocáronse probas selectivas para o ingreso nas distintas escalas de funcionarios do subgrupo A2 da Universidade da Coruña polo sistema de promoción interna.

Esta Xerencia, no uso das atribucións conferidas no artigo 40 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), e da delegación de competencias operada por Resolución reitoral do 14 de xaneiro de 2020, e conforme ao establecido na base 4.1 da convocatoria,

**RESOLVE:**

Publicar a composición do tribunal que figura no anexo desta resolución, que xulgará as probas selectivas para o ingreso, polo sistema de promoción interna, nas distintas escalas de funcionarios da Universidade da Coruña.

Este tribunal terá dereito a percibir as indemnizacións que lle corresponden ás categorías que se indican na base 4.1 da convocatoria, segundo o Decreto 144/2008, do 26 de xuño, que modifica o Decreto 144/2001, do 7 de xuño, e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

A Coruña, 16 de xuño de 2023

O xerente,  
Ramón del Valle López

| Código Seguro De Verificación | qWUz4Uklj3JXhEMSOCsdiq==  | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López   | Asinado | 16/06/2023 19:23:09 |
| Observacións                  |   | Páxina  | 1/2                 |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/qWUz4Uklj3JXhEMSOCsdiq==">https://sede.udc.gal/services/validation/qWUz4Uklj3JXhEMSOCsdiq==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |





## ANEXO

**Tribunal do proceso selectivo para a provisión de prazas da escala técnica de grado medio (subescala bioloxía, electricidade, mecánica, química) por promoción interna, subgrupo A2.**

**Tribunal titular**

Presidente: Alberto Núñez Cardezo, funcionario da Universidade da Coruña

Vogais:

Juan Ramón Rabuñal Dopico, catedrático de universidade da Universidade da Coruña

Mª Fernanda Rodríguez Fariña, funcionaria da Universidade da Coruña

María Piñeiro Iglesias, funcionaria da Universidade da Coruña

José Antonio Bouzas Gómez, funcionario da Universidade da Coruña

Secretaria: Blanca Padín Viaño, funcionaria da Universidade da Coruña, que actuará con voz e sen voto

**Tribunal suplente**

Presidente: Ramón José Noguerol Gómez, funcionario da Universidade da Coruña

Vogais:

María Victoria González Rodríguez, catedrática de escola universitaria da Universidade da Coruña

José Manuel Bermúdez Graiño, Profesor colaborador da Universidade da Coruña

Pedro Monteserín Macías, funcionario da Universidade da Coruña

Alicia Cantarero Roldán, funcionaria da Universidade da Coruña

Secretaria: Marisol Ríos Noya, funcionaria da Universidade da Coruña, que actuará con voz e sen voto.

| Código Seguro De Verificación | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---|---------------------|
| qWUz4Uklj3JXhEMSOCsdiq==      | Asinado   | 16/06/2023 19:23:09 |
| Asinado Por                   | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López   |                     |
| Observacións                  | Páxina  | 2/2                 |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/qWUz4Uklj3JXhEMSOCsdiq==">https://sede.udc.gal/services/validation/qWUz4Uklj3JXhEMSOCsdiq==</a> |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |                     |

